

# MOBILIZACIÓNS NAS EEOOI A TODO O PROFESORADO

## EN DEFENSA DA CALIDADE DO ENSINO PÚBLICO POLA RETIRADA DA CIRCULAR 5/2009 E APERTURA DE NEGOCIACIÓNS NA MESA SECTORIAL

Na asemblea realizada o martes 22 de setembro ás 11:30 no IES das Fontiñas, Santiago de Compostela, **o profesorado acordou levar a cabo as seguintes propostas:**

- a. Peches nas escolas (*xúntase cartel*).
- b. Propor resolucións dos Claustros e dos Consellos Escolares das EEOOI (*xúntase*).
- c. Declarar persoas non gratas ao Conselleiro e ao Director Xeral (*xúntase*).
- d. Involucrar o alumnado nas mobilizacións (recollida de sinaturas...) (*xúntase*).
- e. Empapelar os centros con carteis reivindicativos.
- f. Favorecer a tramitación das queixas do alumnado que se considere prexudicado pola aplicación da circular.
- g. Non asinar os horarios e axuntar un escrito de protesta (*xúntase*).
- h. Realizar concentracións naqueles actos en que haxa presenza do Conselleiro de Educación e/ou do Presidente da Xunta. O profesorado será convocado coa máxima antelación posíbel, considerando que temos coñecemento destes actos no último momento (parte do profesorado comentou que repetirían as caceroladas ás 12 da mañá ante o Pazo de Raxoi en Compostela, coincidindo coa roda de prensa que Núñez Feijóo adoita ter a esa hora).

**Xunto con este correo enviámosvos os modelos de escritos que as OOSS quedamos de elaborar.**

CIG-ENSINO



CCOO-ENSINO



FETE-UGT



ANPE-GALICIA



STEG

